



MARTES, 23 DE XULLO DE 2024 MARTES, 23 DE JULIO DE 2024 | BOP NÚMERO 141

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTA COMBA

Adhesión á política de sinatura electrónica da Administración Xeral do Estado

Asunto: adhesión á política de sinatura electrónica da Administración Xeral do Estado

Decreto da alcaldía núm.: 1082/2024 do 15/07/2024

Expediente Tedec: 2024/X999/000532

O texto do decreto:

Segundo a definición do Real Decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica, publicado no BOE do 29 de xaneiro de 2010 (en diante, ENI), unha política de sinatura electrónica e de certificados é o “conxunto de normas de seguridade, de organización, técnicas e legais para determinar como se xeran, verifican e xestionan as firmas electrónicas, incluíndo as características esixibles aos certificados de firma”.

Con carácter xeral, unha política de sinatura electrónica é un documento legal que contén unha serie de normas relativas á sinatura electrónica, organizadas ao redor dos conceptos de xeración e validación de firma, nun contexto particular (contractual, xurídico, legal), definindo as regras e obrigacións de todos os actores involucrados no proceso. O obxectivo é determinar a validez da sinatura electrónica para unha transacción en particular, especificando a información que debe incluír a persoa asinante no proceso de xeración da firma e a información que se debe comprobar no proceso de validación desta.

O apartado 1 do artigo 18 do ENI, establece que “A Administración Xeral do Estado definirá unha política de sinatura electrónica e de certificados que servirá de marco xeral de interoperabilidade para a autenticación e o recoñecemento mutuo de sinaturas electrónicas dentro do seu ámbito de actuación. Con todo, esta política poderá ser utilizada como referencia por outras Administracións Públicas para definir as políticas de certificados e firmas a recoñecer dentro dos seus ámbitos de competencia”. Asemade, o apartado 6 do mesmo precepto establece que “Os perfís comúns dos campos dos certificados definidos pola política de sinatura electrónica e de certificados posibilitarán a interoperabilidade entre as aplicacións usuarias, de maneira que tanto a identificación como a sinatura electrónica xerada a partir destes perfís comúns poidan ser recoñecidos polas aplicacións das distintas Administracións Públicas sen ningún tipo de restrición técnica, semántica ou organizativa”.

En desenvolvemento da dita norma, con data do 30 de maio de 2012, a Comisión Permanente do Consello Superior de Administración Electrónica aprobou a versión 1.9 da política de sinatura electrónica e de certificados (OID 2.16.724.1.3.1.1.2.1.9). Posteriormente, con data 13 de decembro de 2012 publicouse no Boletín Oficial do Estado a Resolución do 29 de novembro de 2012, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se publica o Acordo de aprobación da Política de Sinatura electrónica e de Certificados da Administración Xeral do Estado e anúnciase a súa publicación na sede correspondente.

Neste contexto normativo, a Norma Técnica de Interoperabilidade de política de firma e selo electrónicos e de certificados da Administración, aprobada pola Resolución do 27 de outubro de 2016 (BOE do 3 de novembro), da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, na súa sección II.5 sobre interacción con outras políticas, establece que «cada organización valorará a necesidade e conveniencia de desenvolver unha política propia fronte á posibilidade de utilizar unha política marco existente». Ademais, na mesma sección indícase que “no caso de que nunha organización se desexen normalizar únicamente aspectos técnicos da sinatura electrónica, optarase por outro instrumento distinto dunha Política de sinatura e selo, como instrucións técnicas internas ou directrices de aplicacións”

Tras examinar a política de sinatura electrónica e de certificados da Administración Xeral do Estado, considérase que é coherente coa normativa de administración electrónica do Concello de Santa Comba e plenamente asumible nos seus aspectos técnicos, polo que, coa súa adopción, pretende dar un paso claro para favorecer a interoperabilidade entre administracións públicas, o que redundará dunha maneira inmediata na simplificación de trámites para os cidadáns.

De acordo co indicado, e no uso das atribucións dispostas no artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO**:

PRIMEIRO

Establecer a política de sinatura electrónica e de certificados da Administración Xeral do Estado do 29 de novembro de 2012, publicada no BOE do 13 de decembro de 2012, como política de sinatura electrónica e de certificados do Concello de Santa Comba.

SEGUNDO

Definir os seguintes datos como identificadores do xestor da política de sinatura electrónica:

- Nome do xestor: CONCELLO DE SANTA COMBA
- Buzón de contacto: seguridade@santacomba.es

TERCEIRO

Publicar deste documento no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na sede electrónica deste Concello.

Santa Comba, 17 de xullo de 2024

O alcalde,

Alberto Romar Landeira

2024/5177